

ORDENANZA FISCAL NÚM. 14

TAXA POR OCUPACIÓNS DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA.

Artigo 1.- CONCEPTO.

De conformidade co previsto nos **artigos 15 ao 19, 20 e 24.1 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais**, e no uso das facultades conferidas polos **artigos 133.2 e 142 da Constitución** e polo **artigo 106 da Lei 7/85**, este Concello establece a taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do subsolo, solo e voo da vía pública, que se rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2.- FEITO IMPOÑIBLE.

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no artigo primeiro e o aproveitamento especial das vías públicas municipais por parte das entidades bancarias ou financeiras, mediante a instalación de caixeiros automáticos en liña de fachadas, de forma que a prestación o servizo non se realice nun local interior. Tamén constituirá feito imponible a instalación de máquinas expendedoras ou similares por parte de establecementos comerciais, con ánimo lucrativo.

Artigo 3.- SUXEITOS PASIVOS.

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o **artigo 33 da Lei xeral tributaria**, que gocen ou aproveiten especialmente o dominio público municipal en beneficio particular, de acordo a algún dos supostos citados no artigo segundo ou quen se beneficie do aproveitamento, si se efectuou sen a preceptiva autorización.

Artigo 4.- RESPONSABLES.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os **artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria**.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos interventores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o **artigo 40 da Lei xeral tributaria**.

Artigo 5.- COTA TRIBUTARIA.

1.- A contía da taxa pública reguladora nesta ordenanza será a fixada no apartado seguinte.

2.-Para as Empresas explotadoras de servicios de subministracións que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, a contía da taxa pública regulada nesta Ordenanza consistirá, en todo caso e sen excepción ningunha, no 1,5 por 100 dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente neste termo municipal as devanditas Empresas. A estes efectos, entenderase por ingresos brutos os que procedan da facturación anual das correspondentes empresas neste municipio. Os ingresos serán trimestrais.

3.- A contía desta taxa pública que puidera corresponder a Telefónica de España S.A., está englobada na compensación en metálico de periodicidade anual a que se refire o **apartado 1 do artigo 4º da Lei 15/1987, de 30 de xullo (Disposición Adicional Oitava da Lei 39/1988, de 28 de decembro)**.

Artigo 6.- NORMAS DE XESTIÓN.

Sen prexuízo das facultades de inspección de que poida facer uso o Concello, os suxeitos obrigados ao pago da taxa haberán de presentar declaración con periodicidade trimestral do importe dos ingresos brutos obtidos no termo municipal polos subministracións facturadas, incluíndo ademais na correspondente ao 1º trimestre natural os ingresos de todo o exercicio; estas declaracións presentaranse no 2º mes do trimestre seguinte a que se refira a declaración. Efectuándose o ingreso simultaneamente coa presentación da declaración, podendo o Concello utilizar outros procedementos para a efectividade da taxa, tales como compensación, etc. ademais da utilización do procedemento de constrinximento, cando proceda.

Artigo 7 .- EXECCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Non se contemplan na presente Ordenanza.

Artigo 8 .- OBRIGA DE PAGO.

No previsto na presente ordenanza, aterase ao disposto na Lei Xeral Tributaria, agás nos casos do aproveitamento especial das vías públicas con caixeiros automáticos das entidades bancarias ou financeiras e con máquinas expendedoras ou similares por establecementos comerciais con ánimo lucrativo, nos que a obriga de contribuír se producirá dende o momento da súa posta en funcionamento para aqueles supostos non susceptibles de autorización ou licenza municipal.

Artigo 9. CONTÍA E TARIFA.

- 1.- Caixeiros automáticos de entidades bancarias ou financeiras: 500,00 €/ano.
- 2.- Máquinas expendedoras ou similares: 250,00 €/ano.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente modificación de ordenanza, aprobada polo **Concello Pleno na súa sesión celebrada o 27/07/2012**, entrará en vigor a partir do día seguinte á publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia (21/11/2012), permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.